

# Teatro na aula



*Ánxela Doval*

A inclusión dunha nova materia na Secundaria Obrigatoria como *Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos* obríganos aos ensinantes a enfrontarnos a un novo reto: achar materiais didácticos novos que nos axuden a achegarnos a unha materia que, polas súas particularidades, pode que non resulte moi doada de abordar. A peculiaridade á que me refería vén dada polo feito de que, dende o meu punto de vista, Educación para a Cidadanía e Dereitos Humanos ten unha maior carga de contidos actitudinais que conceptuais, termos como diálogo, amizade, comprensión, tolerancia, convivencia, ... están presentes en todos os bloques de contidos. Este feito fai que o modelo didáctico deba partir de procedementos non convencionais que nos sirvan para avaliar esas actitudes. De aí que o proxecto didáctico que presento teña como eixe vertebrador o teatro.

A proposta de vincular ensino e teatro parte da consideración de que a través do teatro ábrese unha perspectiva de educación que nos permite transmitir non só uns contidos determinados senón que, ao mesmo tempo, é un medio moi eficaz para formar ao alumnado nos valores que se perseguen na materia que nos ocupa, como antesala do que lles espera na vida real: protagonistas da súa propia vida, cidadáns que sexan capaces de tomar as rendas do seu propio destino facendo uso da súa liberdade. Ademais considero que os e as mozas de 2º da ESO aínda conservan o sentido lúdico da infancia e facer teatro para eles é un xogo que lles proporciona sobre todo diversión. O que pretendo conseguir con esta proposta didáctica é alcanzar os obxectivos da materia imitando a vella máxima de: "*aprende divertíndote*". A maneira a través da cal vinculamos ensino e teatro é por medio da dramatización. A dramatización é a representación dunha acción levada a cabo por uns personaxes nun espazo determinado, é dicir, dramatizar é dotar de estrutura dramática (diálogo, conflitos entre os personaxes, acción) a algo que nun principio non a posúe (MOTOS e TEJEDO, 1999:13). As propostas didácticas que manexamos son do máis variado pero sempre tomando como base un relato, un poema, unha noticia de prensa ou unha imaxe onde se poña de manifesto un concepto no que queremos profundar; o alumnado ten que elaborar unha pequena peza teatral utilizando todos os recursos expresivos que queira ou que estean ao seu alcance. A elaboración das

diferentes pezas dramáticas serviralles para reflexionar sobre as situacións que se presentaron. Debemos deixar constancia de que o realmente formativo é o proceso. A través de cada un dos momentos sucesivos o alumnado desenvolve unha serie de capacidades (intelectivas, motrices e afectivas) que van influir decisivamente na súa formación (Motos e Tejedo, 1999).

Antes de comezar con cada unha das dramatizacións debemos levar a cabo unha fase preparatoria a través de xogos que servirán para desbloquear as inhibicións e crear un clima apropiado para o desenvolvemento das sesións. Algúns destes exercicios favorecerán a expresión oral: para utilizar adecuadamente a respiración que é a base para un bo uso da voz, para cooidar a pronunciación e a boa articulación, así como dominar diversas tonalidades da voz. Outros son útiles para desenvolver a expresión corporal: para coñecer as posibilidades motrices do noso corpo, para aprender a moverse con soltura e tendo en conta en todo momento ao público (Bercebal, 2007). Algúns dos xogos dramáticos que propoñemos toman como modelo as técnicas de improvisación e interpretación de entrenamiento de actores, que consideramos que son de moita utilidade para desenvolver a súa capacidade expresiva. A continuación presento a modo de exemplo unha proposta didáctica cuns cantos xogos dos que desenvolvo no IES de Porto do Son (A Coruña).



## A) XOGOS

### 1. Presentación: a media laranxa

Obxectivo: un coñecemento máis a fondo dos membros do grupo.

Procedemento: repártense folios equivalentes á metade dos participantes. En cada folio fan un debuxo ou poñen unha frase. Cada folio córtase pola metade quedándose cada un cun anaco do folio e o resto das metades barállanse e repártense ao chou. Cada un terá que buscar a quen ten a súa metade. Una vez xuntas as parellas terán que responder ás preguntas que se fagan un ao outro e expoñelas ante todo o grupo.

### 2. O imán

Obxectivos: romper a tensión inicial e facilitar a posta a punto corporal.

Procedemento: Por parellas. "A" coloca a súa man aberta a uns 20cm. do nariz de "B" que queda como hipnotizado e manterá o seu rostro á mesma distancia da man de "A" que iniciará unha serie de movementos cara arriba, cara abaixo, á dereita, esquerda..... Acelerará e retardará o ritmo pero sempre dándolle oportunidade de seguir a traxectoria da súa man. "A" pode cambiar de man co fin de poder realizar movementos máis estraños. Logo cámbianse os papeis.

### 3. Campesiño-campesiña

Obxectivos: desenvólvense a atención e a concentración e incrementase a confianza entre os membros do grupo.

Procedemento: Por parellas dándose as costas e en fila, os que miran á dereita son campesiños e os que miran á esquerda campesiñas. Se o profesor di: "campesiño colle a campesiña", esta ten que saír correndo e o campesiño intentar pillala, para o cal antes tense que dar volta para ir detrás dela. E o mesmo á inversa. Comézase dicindo a frase a modo e vai sendo cada vez máis rápido co fin de provocar confusión.

### 4. Adiviñar o nome do grupo

Obxectivos: Incrementar a confianza nos demais, fomentar a creatividade e Iniciarse na expresión mímica.

Procedemento: Fórmanse grupos de catro ou cinco persoas. Buscan un nome para o seu grupo. A través de xestos e movementos interpretan o nome que buscaron. O resto do alumnado ten que adiviñar o nome. Fan o mesmo todos os grupos.

B) Texto a partir do cal se realiza a dramatización:

**Zzzzzzzzz, de Suso de Toro.**

- *Día, é aí o Fondo Monetario Internacional?*

- *Diga.*

- *Chamo desde Etiopía...*

- *Zzzzzzzzzzz.*

- *Día, é aí a ONU?*

- *Diga.*

- *Son unha meniña que chama desde un burdel de Thailandia. Día a súa voz resúltame coñecida... Vostede non...?*

- *Zzzzzzzzzzz.*

Unha vez lido o relato a profesora aproveitará a ocasión para informalos sobre algunhas das cuestións as que se fai referencia neste e servirá tamén para tratar os temas da desigualdade, a pobreza, a prostitución infantil e todas aquelas cuestións que lles poidan servir para elaborar a dramatización e que están incluídas nos bloques de contidos da materia.

C) Dramatización

1. Temas: determinar cal é o asunto de que trata o relato.

2. Conflito: cal é a situación de desacordo que teñen os personaxes.

3. Argumento: precisar a fábula argumental, é dicir, a narración de como transcurren os acontecementos. Aquí é necesario que cada grupo de alumnos desenvolva a súa propia historia tomando como base a que se presenta no relato orixinal.

4. Personaxes: temos que sinalar todos os trazos característicos de cada un dos personaxes: como falan, como andan, que xestos fan e outros trazos que nos servan para caracterizalos. Poden engadir todos os personaxen que queiran. Propoño elaborar un pequeno retrato dos personaxes seguindo este esquema:

	Como fala	Como anda	Que xestos fai
Africano Funcionario Nena burdel			

5. Espazo e tempo: delimitar onde e cando se desenvolve a acción, polo que teremos que elixir o lugar e os obxectos básicos que van definilo e a época en que transcorre a acción.

6. Medios de expresión: a creatividade do alumnado é a que se ten que poñer de manifesto. Ademais do texto base que se propón, pódense dramatizar a través só da mímica situacións que estean vinculadas á historia do relato.

7. Dramaturxia: sempre é necesario elaborar un texto onde se especifiquen todas as acoutacións e indicacións necesarias para os actores e demais persoas que interveñen na posta en escena (encargados de luces, sons, música, etc).

8. Valoración: unha vez vistas as dramatizacións faremos unha posta en común expoñendo a nosa opinión sobre as diferentes visións que se puxeron de manifesto sobre este tema.

**Esta experiencia que presento estáse a realizar no IES de Porto do Son, na provincia de A Coruña. Os resultados están sendo, na maioría dos casos, moi satisfactorios. Gran parte dos adolescentes de 2º da ESO son receptivos a este tipo de xogos dramáticos e reciben con verdadeiro entusiasmo calquera proposta neste sentido. Os mozos e as mozas do IES de Porto do Son están demostrando unha creatividade e, nalgúns casos, un dominio da escena absolutamente inesperados. Polo que invito a todo o profesorado que se encarga de impartir Educación para a Cidadanía a que se atreva a ensaiar esta metodoloxía convencida de que lle vai aportar un enriquecemento persoal e profesional considerable.**

#### BIBLIOGRAFÍA

CALLEJAS, J.M.: *El teatro Educa. Experiencias didácticas en filosofía*, Madrid, Editorial Narcea, 1988

MOTOS, T. e TEJEDO, F.: *Prácticas de dramatización*, Madrid, Editorial La Avispa, 1999

BERCEBAL, Francisco: *Un taller de drama*, Guadalajara, Editorial Naque, 2007

FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE: *Palabras con fondo*, Fondo Social Caixa Galicia, Santiago, 2000